

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Borrador

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

Borrador

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta ñé a programación do "Proxecto Competencial de Oralidade" de 3º da ESO.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Vila de Cruces.

O noso centro participa activamente na valoración e a revitalización do patrimonio oral, especialmente desde o ámbito da improvisación oral en verso e a regueifa. O Marco do Camballón é un dos centros impulsores da Regueifesta, proxecto escolar de regueifa, e este Proxecto Competencial ten entre os seus obxectivos co-planificar e co-organizar co IES do Milladoiro, a realización da exposición do Premio Antonio Fraguas, do Museo do Pobo Galego.

Esta relación coa oralidade do noso centro é importante para contextualizar a presenza deste Proxecto Competencial. Ademais, Vila de Cruces ten unhas características sociais e culturais que queremos explicar.

O noso concello sitúase na provincia de Pontevedra e desenvólvese nun entorno rural con alumnado disperso en 28 parroquias. De todos os xeitos, o alumnado mudou moito nos últimos anos e cada vez ten menos vínculo coa cultura labrega e gandeira. A "urbanización" cultural do noso alumnado móstrase na súa adaptación á cultura urbana através das redes sociais. O nivel socioeconómico é medio, con algún alumnado en situación de precariedade económica.

Por outro lado, e en relación con esta materia, é importante sinalar que o noso alumnado é maioritariamente galego-falante. Aínda así, o comportamento dunha parte importante de alumnas e alumnos é diglósico. O noso centro, especialmente de forma oral, é galegófono, cunha pequena parte de rapaces e rapazas que chegan doutros estados, como Marrocos ou países americanos.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 8 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A oralidade na historia da Humanidade e na Galiza.	<p>Coñeceremos a oralidade na conformación da nosa especie, en paralelo á música. Desde a prehistoria e as primeiras manifestacións relacionadas co canto, pasando pola antiga Grecia e o caso de Homero, até a vivencia dos distintos xéneros orais na actualidade, como o rap e a oralidade audiovisual nas rrss.</p> <p>Atenderemos a diferentes xéneros orais, como a improvisación en verso, o debate e a asemblea. Recolleremos patrimonio oral. Coñeceremos as manifestacións de repentismo na Galiza, desde a regueifa até o brindo de Lugo, pasando polos brindes de Ourense e os atranques dos xenerais do Ulla.</p> <p>Coñeceremos o Museo do Pobo Galego e o Premio Antón Fraguas "Ao son da oralidade", proxecto que estamos a elaborar co IES do Milladoiro.</p> <p>E coñeceremos o sistema da regueifa escolar na Galiza, coñecendo repentistas profesionais e institucións do patrimonio inmaterial, como a Asociación ORAL de regueifa.</p> <p>Comezaremos a organizar o proxecto do curso, cunha planificación baseada na autoxestión.</p>	20	10	X		
2	A regueifar!	<p>Practicaremos varios xéneros orais, especialmente a regueifa e a asemblea, coa finalidade de organizar o proxecto vinculados á Regueifesta, a festa galega da regueifa escolar e reunir recursos para o proxecto "Ao son da oralidade"</p> <p>Coñeceremos o repentismo vasco e catalá, e entraremos en contacto con outros centros de ensino.</p> <p>Organizaremos varias actividades de dentro do centro cara afora, como un obradoiro de regueifa no colexio, unha xornada de convivencia con alumnado doutro instituto</p>	35	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A regueifar!	e a preparacion de vídeos de Enreguéifate e a preparación do encontro escolar Regueifesta. Presentaremos o noso proxecto no instituto e, através das redes sociais e medios de comunicación, mostraremos o noso traballo como unha intervención da escola na sociedade co obxectivo de mostrar as formas de pensar, sentir e facer do noso alumnado, con valores de defensa da xustiza social, igualdade de xénero, a normalización lingüística, a ecoloxía...	35	10		X	
3	Construír en colectivo	Promover unha metodoloxía non individualista: o alumnado -de forma autoxerida- preparará unha mostra -física e nas redes sociais- do traballo realizado no curso. Comprenderemos os múltiples axentes necesarios na creación da oralidade: comunidade escolar, axentes locais, institucións nacionais, rede de relacións con outros pobos do estado e da Europa, etc. Analisaremos a oralidade como útil para xestionar os conflitos, a creatividade artística, a transmisión cultural e a construción social. Construíremos un marco teórico desde diferentes perspectivas: etnografía, antropoloxía, economía, literatura, xornalismo... Seremos protagonistas dun proceso final de mostra do traballo realizado ao noso contorno e a comunidade escolar através dos medios de comunicación locais e unha presentación á sociedade. Presentaremos a nosa parte do proxecto "Ao son da oralidade", Premio Antón Fraguas, que impulsamos co IES do Milladoiro.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A oralidade na historia da Humanidade e na Galiza.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A regueifar!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Construír en colectivo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Regreso ao futuro".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Algúns dos posibles temas son:

- O ocio daquela
- Aquelas festas populares
- A música da nosa xuventude
- As primeiras películas
- Aquelas cartas
- As primeiras chamadas telefónicas
- ...

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)

- Libros e outro material libre
- Consultas nos concellos
- Entrevistas ás familias
- Entrevistas á veciñanza das vilas

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, establecendo comparativas entre aqueles días e o presente.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no programa Radio o centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais.... Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estatísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

Atendendo á Orde de modificación do calendario de fin de curso publicada pola Consellaría de educación do 27 de decembro de 2022.

O alumnado que non teña superada todas as avaliacións cunha media aritmética de 5 ao finalizar a 3ª avaliación terá a posibilidade de recuperar as partes da materia que non teña superadas nas datas acordadas na CCP do centro para as recuperacións desde o día 19 ao 21 de xuño de 2023.

As recuperacións realizaranse mediante un exame, de modo que serán avaliados os estándares CCL. Cando un alumno/a teña unha avaliación suspensa pode aprobar directamente sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación (segundo proceda). A cualificación global da recuperación calcularábase outorgándolle ao exame a mesma porcentaxe que durante o curso ten a CCL (70% na 1ª e 70% na 2ª e 3ª avaliacións) e sumándolle as notas correspondentes da CCA, CSC, CCEC e CD; sería necesario obter 5 puntos para considerala aprobada.

Este alumnado que ten que facer recuperacións nas datas acordadas, nas dúas semanas anteriores ás recuperacións, recibirá unha atención individualizada, material de repaso e reforzo daquelas partes da materia que teña que recuperar. O resto do alumnado seguirá co normal desenvolvemento das aulas até o día 21 de xuño que rematan as aulas. A 3ª avaliación e a avaliación final serán o día 22 de xuño segundo a Orde da Consellaría.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As materias pendentes serán obxecto de seguimento e facilitaranse probas de recuperación baseadas na programación da materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, -principio fundamental da Regueifesta- a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e coñecerase a implicación da oralidade como ferramenta para a xestión da violencia, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Fomentaranse a defensa das identidades e o patrimonio cultural dos pobos do mundo, promocionando através da oralidade o respecto polas culturas minorizadas e os dereitos lingüísticos recollidas nas cartas legais mundiais.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.
Exposición en locais socioculturais	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza.

Observacións:

Para o desenvolvemento desta materia é fundamental a realización de actividades complementarias e extraescolares.

O alumnado organizará, coa axuda do profesor, a súas actividades complementarias, coñecendo o funcionamento da organización dunha actividade deste tipo, desde a planificación inicial até a produción de cada actividade (autobús, contacto con colectivos, necesidades técnicas, guións, escaletas...)

Esta materia está planificada para que o alumnado sexa protagonista do proceso de forma activa e protagonista, co obxectivo de construír experiencias significativas dentro e fora do centro nas que interactúen con outras persoas (alumnado, artistas, axentes socioculturais, etc)

Ademais, o propio alumnado realizará as tarefas para a visibilización social do seu traballo, con interacción con medios de comunicación de diversos alcance.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades

Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

Borrado